



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/42/2014	CONYI0PF
6N69350G0N702F411BNZ	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "C" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO E SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS AO ESTADIO MUNICIPAL E CAMPO ANEXO DE RIO SECO.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
Dna. Natalia Hermida Rico
D. Rafael Flores Veiga

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta do informe técnico
- Apertura do sobre "3" Oferta económica

De conformidade co establecido na cláusula 13,15 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron os representantes das empresas Clece S.A e Limpezas Manser S.L.

Sendo as 12 horas do día 24 de setembro de 2014, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación da puntuación acordada para a documentación contida no sobre "2" de Documentación Técnica de Criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, e para apertura dos sobres "3" relativos á Oferta Económica das empresas admitidas á licitación.

Antes de proceder á apertura dos sobres da Oferta Económica, a secretaria procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de



NARÓN

contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe técnico de valoración do sobre "B" de Referencias Técnicas:

Así, este informe técnico recolle unha proposta de puntuación das ofertas con base nas dúas áreas valoradas conxuntamente con 40 puntos, segundo a seguinte descrición:

Programa de Mantemento e limpeza: 30 ptos

- A. Mantemento Xeral 5 ptos
- B. Mantemento do Terreo de Xogo 4 ptos
- C. Mantemento das pistas de atletismo 3 ptos
- D. Limpeza Xeral 2 ptos
- E. Control de accesos e do material 1 pto.
- F. Maquinaria na instalación 15 ptos

Organigrama: 10 ptos.

- A. Experiencia do persoal 4 ptos
- B. Medios 3 ptos
- C. Preparación / Formación 2 ptos
- D. Estrutura 1 pto.

Dacordo con esta proposta, os distintos proxectos acadan a seguinte puntuación:

Empresa	Programa de xestión						Organigrama				TOTAL
	A	B	C	D	E	F	A	B	C	D	
Clece S.A.	4	2	1	1	0	14	4	3	2	1	32
Manser S.L.	5	4	2	2	1	14	4	3	2	1	38
Anibal Soto S.L.	5	2	3	2	1	10	4	5	0	0	32

Unha vez posta en coñecemento dos licitadores a puntuación obtida na valoración das Referencias técnicas, procédese á apertura dos sobres "C" relativos ás Ofertas Económicas:

Empresa Clece S.A. propón un prezo hora de 19,52 euros IVE non incluído.

Empresa Limpiezas Manser S.L. propón un prezo hora de 20,75 euros IVE non incluído.

Empresa Anibal Soto S.L. propón un prezo hora de 18,16 euros IVE non incluído.

A oferta presentada por Zonas Verdes Anibal Soto S.L., non inclúe o desglose da cantidade proposta, como así se esixe no artigo 6.5 do prego de condicións técnicas.

Resultando que o artigo 80.4 do regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, sinala que se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa en resolución motivada.

Resultando que prego de condicións técnicas no xa citado artigo 6.5 establece que "Co obxectivo de facilitar a análise das ofertas en termos homoxéneos, para a totalidade dos licitadores, os concursantes deberán expresar nas súas propostas económicas a descomposición do custo total ofrecido, asignando a ponderación ou porcentaxe que represente cada factor constitutivo na totalidade do prezo do contrato"



NARÓN

Resultando que esta esixencia foi coñecida por todos os licitadores e aceptada polos mesmos, sen salvidade ou reserva algunha, sen que conste en ningún caso a impugnación dos pregos que rexeron a licitación, polo que o incumprimento das súas cláusulas áchase entre os supostos do artigo 84 do RXLCAP, xa citado, afectando ao principio de igualdade de trato entre os licitados esixidos polo artigo 1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Considerando que o principio de igualdade de trato, implica que todos os licitadores deben coñecer as regras do xogo e estas devense aplicar do mesmo xeito.

Considerando que dous dos aspectos fundamentais das ofertas económicas son , primeiro que non deben superar o prezo de licitación e segundo que deben axustarse ao establecido nos pregos de condicións.

Por todo o exposto a Mesa de contratación, opta pola non admisión da oferta presentada por Zonas Verdes Anibal Soto S.L.

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 13,25 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu a secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente

José M. Blanco Suárez

Ignacio Mazaira Garro

